



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE XULLO DO 2016

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Concelleiros ausentes:

Don Andrés Sanmarco Santos.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventora:

Dona Eva María Casal Sanjurjo.

En Padrón, sendo as vinte horas do día vinte e oito de xullo do dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total once dos trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

PARTE I.- ADOPCIÓN DE ACORDO

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 20 DE MAIO DE 2016.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o vinte de maio de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 26 DE MAIO DE 2016.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión ordinaria realizada o vinte e seis de maio de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

3.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 31 DE MAIO DE 2016.

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o trinta e un de maio de dous mil dezaseis, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

4.- APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2017.

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 22 de xullo de 2016, que di:

<<En base ao disposto nos artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e no 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, polo que se regulan as xornadas de traballo, as xornadas especiais e os descansos, que literalmente di que "*serán también inhábiles para el trabajo, retribuidos y no recuperables, hasta dos días de cada año natural con carácter de fiestas locales que por tradición les sean propias en cada municipio, determinándose por la autoridad laboral competente -a propuesta del Pleno del Ayuntamiento correspondiente- y publicándose en el <<Boletín Oficial de la Comunidad Autónoma>> y, en su caso, en el <<Boletín Oficial>> de la provincia", e*

Visto que habitualmente a Consellería de Traballo e Benestar esixe que antes de finalizar o mes de setembro do ano en curso se lle remita o acordo aprobando as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste término municipal e visto que a próxima sesión plenaria ordinaria non terá lugar ata o 29 de setembro do 2016,

Propoño ao Pleno:

Primeiro. Aprobar como festivos locais para o ano 2017 do Concello de Padrón os seguintes días:

- 17 de abril do 2017 – Luns de Pascua.
- 6 de maio do 2017 (sábado) – San Xoán do Raio.

Segundo. Comunicar o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e aos representantes dos e das traballadoras municipais.

Terceiro. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente,



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Forján Seoane. Di que un dos días, o 6 de maio é un sábado e parécelle que é un día dos máis dinámicos para o comercio de Padrón, tanto para a praza de abastos, os supermercados ou o comercio en xeral e cree que sería máis viable pasalo ao luns ou facelo o martes de Pascua ou o martes de Entroido.

Sr. Alcalde. Di que xa na comisión informativa se debateu e incluso estaban dispostos a cambialo, pero ao final quedou así a proposta e cambiala sería a través dunha emenda que tería que estar presentada antes.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Seis (6), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e García Dios, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Cinco (5), emitidas polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal e polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar como festivos locais para o ano 2017 do Concello de Padrón os seguintes días:

- 17 de abril do 2017 – Luns de Pascua.
- 6 de maio do 2017 (sábado) – San Xoán do Raio.

Segundo. Comunicar o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e aos representantes dos e das traballadoras municipais.

Terceiro. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sr. Rodríguez Carbia. En explicación de voto di que aínda que o festivo local coincide en sábado, entende que na industria ao mellor pode distorsionar menos que trasladalo a un día laborable.

5.- MOCIÓN PRESENTADA POLA CIPA PARA DAR UNHA SOLUCIÓN AXEITADA Á REDE DE SANEAMENTO DA BESADIÑA.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 22 de xullo de 2016, que di:

<<A rede de sumidoiros do lugar da Besadiña, Extramundi está a producir vertidos pola cuneta da citada agra, vertidos que van parar ao leito do río Sar, causando un problema medioambiental de contaminación a pesares de que se actuou recentemente con fondos públicos sobre a mencionada rede e non se solventaron os problemas e carencias que na actualidade case diariamente se seguen a manifestar no lugar.

É polo que PROPOÑO o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

Se proceda a dar unha solución axeitada á rede de saneamento da Besadiña para evitalos vertidos que se están a producir diariamente na cuneta e no río Sar.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que a raíz da comisión que tiveron o outro día, onde comentaron a posible procedencia dos vertidos nesa rede porque non é normal que en épocas onde non hai precipitación a rede de saneamento non dea abasto e se produza o desbordamento desa rede con vertidos de lodo, pero agora tamén se trata de vertidos máis considerables e ensina unha fotografía tomada esa semana onde se ven uns vertidos de cor pardo casi vermello e espesos. Que hai que mirar e ver o que está pasando alí porque foi esta semana e non houbo precipitacións. Que non é problema de pluviais senón que debe estar conectado algo a esa tubaxe e non fala de casas particulares senón de posible vertidos industriais.

Sr. Santaló Ríos. Di que está de acordo con este punto na Besadiña e ocorre tamén noutros moitos puntos do Concello e que se necesitaría facer un plan de revisión e xerarquización das actuacións para minimizar este problema. Que teñen que poñerse a traballar para resolver estes problemas que levan denunciado moitas veces.

Sra. Rey Pazos. Explica que os veciños din que este problema é case a diario e a unhas horas moi determinadas, polo que dalgunha forma se pode controlar. Que está totalmente de acordo co dito polo señor Santaló e hai que buscar solucións xa. Que entende que os problemas deste calibre requiren moito esforzo e moito traballo pero é a misión do goberno e debe facerse.

Sr. Alcalde. Dille que require dez millóns de euros.

Sra. Rey Pazos. Contesta que por algo haberá que empezar.

Sr. Forján Seoane. Pregunta a que se refire con dez millóns de euros.

Sr. Alcalde. Explica que o Concello require unha inversión aproximadamente de dez millóns de euros para facer todas as conexións, para que non haxa vertidos e para separar pluviais de fecais.

Sr. Forján Seoane. Di que Padrón conta cunha depuradora que pode prestar servizo a 28.000 veciños e na realidade están vendo que os vertidos, que teoricamente están controlados, non chegan á depuradora porque se perden polo camiño. Que lles parece totalmente correcta a proposta que está facendo o concelleiro da CIPa e é algo que se ven arrastrando no tempo. Que eles intentaron buscar unha solución pero a falta de colaboración coa Consellería fixo que o investimento da Deputación caese ao río e agora fíxose outra nova canalización pero parece que tampouco é suficiente para solucionar o problema. Que o anterior goberno soamente en Carcacia, onde non existía rede de saneamento, invistiu máis de 500.000 € e de momento non teñen coñecemento de que este goberno conseguise financiación para seguir construíndo a canalización de saneamento en Carcacia.

Sr. Alcalde. Contesta que conseguiron 210.000 € polo tramo de impulsión e está pendente de que por parte da Comunidade de Montes se constituía unha xestora para facer a cesión dos terreos porque a de agora está caducada.

Sr. Forján Seoane. Di que esa é unha cantidade que estaba xa comprometida cando se aprobou ese proxecto que está financiado pola Deputación. Que o anterior goberno tivera unha reunión co Conselleiro naquel momento e ca presidenta de Augas de Galicia e tiñan un compromiso verbal de financiar esa canalización. Que tiñan dous proxectos de 400.000 € que anulou despois, co cambio de goberno, a Concellería de Medio Ambiente e por iso insistían ao grupo de goberno para que negociaran e recuperaran eses 400.000 € e non lles consta tampouco que fixeran nada porque a intención era evitar todos estes vertidos e moitos máis, como dixo o señor Santaló Ríos, e levar todas as augas residuais á depuradora.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Di que non lle nega os compromisos verbais que puidera ter, pero o que lle di é que ten un compromiso por escrito de 210.000 €.

Sr. Forján Seoane. Di que non ten constancia pero supón que si, pero lle insiste que sigan negociando eses dous proxectos que había e están na Consellería e que son para trasladar todos os residuos ata a depuradora e deixar o río Sar limpo.

Sr. Alcalde. Di que tamén o río Ulla desde o Pombal.

Sr. Pardo Andrade. Di que non sabe a que ven o de Carcacía porque alí non hai alcantarillado.

Sr. Forján Seoane. Replica que aínda que non haxa alcantarillado hai vertidos.

Sr. Pardo Andrade. Di que hai que coller unha empresa e intentar averiguar de onde saen os vertidos. Que hai alcantarillados onde están misturados os vertidos de pluviais e fecais tanto en alcantarillados que fixo o PP como o goberno anterior.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que o problema agora incrementase porque ata o de agora estíbese falando de vertidos procedentes de vivendas, pero polas fotografías que ve xa non son vertidos de vivendas, senón doutro tipo de vertidos, e isto non pasaba antes.

Sr. Pardo Andrade. Replica que iso é o que se vai averiguar e ver quen está conectado alí. Que o grande problema de Padrón é que están misturadas as pluviais coas fecais e nun momento que chove as tubaxes non dan abasto e sae para fóra.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que neste caso hai uns tres meses que se actuou nese tramo.

Sr. Pardo Andrade. Insiste que hai que intentar averiguar e ver quen o está facendo.

Sr. González Pardal. Di que nesa zona tampouco hai moitas empresas, que se contan cos dedos dunha man.

Sr. Forján Seoane. Di que eses vertidos non teñen nada que ver cos de antes porque existen desde que se fixo a última actuación.

Sr. Piñeiro Otero. Lembra que se dixo no Pleno da Corporación que hai uns tres anos cortaron a tubaxe e conectaron noutra e ese é o problema e xa se dixo no Pleno.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que o grupo de goberno encargou un proxecto e a obra fíxose de acordo ao proxecto.

Sra. Rey Pazos. Di que si un proxecto está mal feito hai que pedir responsabilidades a quen o fixo e a quen o aprobou.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Dez (10), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e García Dios, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

Se proceda a dar unha solución axeitada á rede de saneamento da Besadiña para evitalos vertidos que se están a producir diariamente na cuneta e no río Sar.

6.- MOCIÓN PRESENTADA POLA CIPA PARA QUE SE REQUIRA AOS PROPIETARIOS A LIMPEZA DA MALEZA DAS FINCAS DA ZONA DO BORDEL.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa A) de data 22 de xullo de 2016, que di:

<<A entrada ou saída norte de Padrón, zona do Bordel, presenta un estado lamentable cun número considerable de propiedades pertencentes a inmobiliarias que están todo o ano cheas de maleza dando unha imaxe impropia dun municipio declarado de interese turístico.

Esta zona do Bordel constitúe unha das vías de entrada á vila, camiño de Santiago, camiño de acceso a Iria Flavia e camiño de acceso ao tanatorio, transitado por numerosos peregrinos, visitantes e padroneses/as.

É polo que PROPOÑO o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

Se curse petición urxente aos propietarios para que no prazo mais breve de tempo posible procedan a limpala maleza e periodicamente realicen labores de conservación e mantemento e de facer caso omiso dese requirimento se actúe coa dilixencia debida en base á normativa para evitar esta situación de abandono.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que é unha zona que está nesta situación dende fai moitísimo tempo. Que na Comisión informativa do outro día se dixo que faltaba por ver quen son os titulares dos terreos, si das inmobiliarias ou dos propietarios que actuaron na xunta de compensación que se fixo no seu momento e non se desenvolveu. Que no goberno anterior ao del foi cando se iniciaron todos esos proxectos de urbanización do Bordel en dúas zonas en concreto e que quedaron parados, pero que tiñan todos os beneplácitos porque no seu momento xa se tiñan feito as catas arqueolóxicas que era un dos requisitos de Patrimonio para poder comezar as obras. Que se fixeron as excavacións e non se tapou nada e agora está cheo de buratos que se cubriron de maleza que dá unha imaxe denigrante do que é a entrada norte de Padrón. Lembra que no seu momento eses proxectos de compensación ou urbanización tiñan unha serie de propietarios, polo que se non é a inmobiliaria á que se lle ten que requerir, nesos proxectos constan os propietarios e pódese facer un requirimento individual a eses propietarios que aportaron metros para esa urbanización para que procedan a limpar ou que limpe o Concello esa zona e lle pase as costas a cada un deles. Que hai medios pero faltan vontades. Lembra que hai unha ordenanza municipal e simplemente se trata de cursar notificación e ao que incumpra aplicarlle a ordenanza.

Sr. Santaló Ríos. Recorda que este problema prantéxase cando resulta difícil identificar aos propietarios das parcelas e lévase repetindo esta situación dende fai moito tempo e non só nesta parcela. Que é consciente da problemática pero o goberno ten a responsabilidade de dar unha solución a unha situación selvática no medio da vila que reviste unha perigosidade evidente.

Sra. Rey Pazos. Reitera o da aplicación da ordenanza. Que sempre se fala da división da herdanza, pero se non recorda mal, unha herdanza non dividida é solidaria, ou sexa, pódese ir contra calquera dos titulares. Que o Concello non pode permitir que se alguén ten problemas privados, repercuta na imaxe do Concello.

Sr. Alcalde. Explica que no tema de herdanzas hai comunidade de herdeiros que non se coñecen ou incluso algún deles non aceptaron a herencia e habería que ir sobre a finca, pero neste caso no Bordel hai un problema maior que non é o das herdanzas, senón que moitísimos propietarios firmaron un acordo de cesión de solo por vó coa promotora e nesos contratos establecíase un prazo de dous anos desde a licenza de obra para entregar os pisos, pero é que nunca se levou a cabo a licenza de obra, entón agora hai un problema de si o contrato está perfeccionado e si é da promotora ou é dos propietarios. Que sería moi fácil se cada propietario presentara no Xulgado a resolución dese contrato e nese caso as fincas volverían ao propietario orixinario. Que é un tema



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

xurídico que hai que debatir, darlle para adiante e conseguir dalgunha maneira un procedemento contra algún deles.

Sra. Rey Pazos. Di que en caso de non identificar o Concello ten medios para poder limpalos por razóns de salubridade e sabe que se fai noutros concellos. Que a imaxe do Concello, neste caso, ten que prevalecer.

Sr. Pardo Andrade. Pregúntase si se pode entrar nunha finca particular sen a autorización do propietario.

Sra. Rey Pazos. Entende que por situacións de insalubridade, perigo ou incluso incendio si que se pode porque se está a facer noutros concellos e entende que hai algunha fórmula legal que haberá que buscar.

Sr. Pardo Andrade. Pregunta á señora secretaria se se pode entrar nunha finca particular sen orde xudicial.

Sra. Secretaria. Contesta que con autorización xudicial.

Sra. Rey Pazos. Di que entón haberá que ir por aí e pedir a autorización xudicial. Que todos saben que non son problemas fáciles, pero o goberno como non é un problema fácil xa non solventa e hai que facelo.

Sr. González Pardal. Pregunta se hai algún expediente aberto a algunha finca deste tipo.

Sr. Alcalde. Contesta que hai requerimentos a moitas das fincas.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que non entende nada, que parece que están tirando balóns fóra neste asunto. Que dician que non lles consta que eses contratos feitos entre os particulares con esas inmobiliarias estén vencidos, pero a todos os efectos legais, nestes momentos, a responsabilidade é da inmobiliaria e dos propietarios. Que está claro que se ten que cursar notificación á inmobiliaria e aos propietarios, apercibíndolle que hai unha ordenanza en vigor e que todo propietario ten a obriga de manter as súas propiedades en perfecto estado de conservación e mantemento.

Sr. Pardo Andrade. Replica que á inmobiliaria si existe porque hai moitas que xa non existen.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que eses terreos teñen dono e haberá que ir ao proxecto que se presentou nese momento de cooperación ou compensación xa que en eles aparece a relación dos propietarios e dos metros cadrados que aportou cada un. Que cando reciban a notificación senón é deles xa dirán quen é o novo propietario.

Sr. González Pardal. Pregunta se o Concello entra nunha finca desas sen autorización e hai unha denuncia, entón xa se sabe quen é o propietario

Sr. Alcalde. Contesta que habería problemas.

Sr. González Pardal. Contesta que igual que se pagan 50.000 euros a un avogado por outros casos e que ademais está o servizo xurídico da Deputación, pero polo menos estaría o pobo limpo.

Sr. Alcalde. Aclara que para entrar hai que asinar unha resolución e si se asina a sabendas de que non é legal é constitutiva de prevaricación e el non vai asinar nada para entrar nunha finca privada senón hai autorización xudicial.

Sra. Rey Pazos. Recórdalle que ten contratos que están nunha situación de ilegalidade.

Sr. Alcalde. Di que son reparos administrativos e non é o mesmo que unha prevaricación.

Sra. Rey Pazos. Dille que a ilegalidade é moi relativa e que o señor alcalde a aplica cando lle convén.

Sr. Alcalde. Explica que se fora un acto de prevaricación xa non se podería levantar o reparo que é un acto que está regulado administrativamente e o alcalde o pode levantar en determinadas ocasións e o señor alcalde o levanta para o funcionamento do Concello. Que un acto de prevaricación é unha resolución a sabendas de que é inxusta. Que é completamente distinta e a señora Rey Pazos non o tería que discutir nin se lle tería que

explicar. Pídelle á señora Rey Pazos que non intente confundir á xente porque o reparo está regulado e pódese levantar e ao igual que el xa o levantaron outros alcaldes. Que iso non é unha prevaricación que non se confunda.

Sra. Rey Pazos. Contesta que terá certa responsabilidade por estar cinco anos con contratos ilegais.

Sr. Alcalde. Insiste que é legal levantar eses reparos e que a señora Rey Pazos xa deu traslado a corenta instancias e non lle fixeron caso porque é legal levantar os reparos. Pídelle que non misture iso cun acto de prevaricación.

Sra. Rey Pazos. Contesta que a pregunta é por que non fixeron caso esas instancias.

Sr. Alcalde. Contesta que é porque é legal levantar eses reparos.

Sra. Rey Pazos. Replica que algunha responsabilidade terá o señor alcalde por estar cinco anos con contratos ilegais.

Sr. Forján Seoane. Di que está totalmente de acordo co que se están dicindo. Que hai outros lugares tamén e si saben quen son os propietarios.

Sr. Alcalde. Contesta que en moitos dos casos están requeridos.

Sr. Forján Seoane. Dille que o resultado da actuación é cero. Pregunta de cantos tractores e tractoristas dispón o Concello para facer esas actuacións directamente.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que non o pode facer o Concello.

Sr. Forján Seoane. Volve a facer a pregunta: que en caso de ter que facer actuacións directas, previa autorización xudicial, de cantos tractores e tractoristas dispón o Concello.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que dous tractores e un tractorista.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que no mandato 2007-2011 se lle cursou notificación a esas unidades de actuación, tanto á norte coma á sur e de feito se procedeu á limpeza desas propiedades e desde aquela non se volveron limpar máis.

Sr. Forján Seoane. Di que saben quen son os propietarios porque durante o mandato do goberno actual si se limparon unha vez esas propiedades.

Sr. Alcalde. Contesta que dalgún caso si.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Dez (10), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e García Dios, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CiPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

Se curse petición urxente aos propietarios para que no prazo mais breve de tempo posible procedan a limpala maleza e periodicamente realicen labores de conservación e mantemento e de facer caso omiso dese



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

requirimento se actúe coa dilixencia debida en base á normativa para evitar esta situación de abandono.

7.- MOCIÓN PRESENTADA POLA CIPA PARA QUE SE FAGA UN CONTROL MINUCIOSO TODOS OS DOMINGOS TRALA CELEBRACIÓN DO MERCADO DOMINICAL.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 22 de xullo de 2016, que di:

<<O estado que presenta o Espolón, o Souto e o campo da Feira trala celebración do mercado dominical resulta penosa para a imaxe dunha vila que recibe milleiros de visitantes e máis en época estival.

Bolsas plásticas, papeis, cartóns e todo tipo de refugallos nos días de vento van parar ás rúas da Vila, ao río Sar provocando contaminación e quedan espallados polo chan durante varias horas.

A fin de evitar esta situación reiterativa en numerosas ocasións no seo de comisión ou sesións plenarias se tratou este problema, sen que á data de hoxe se tomaran as medidas axeitadas para evitalo.

Considerando que existe normativa municipal para evitar esta situación, e que si esta persiste, é polo que non se toman as medidas necesarias para facela cumprir.

É polo que PROPOÑO o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

Se faga un control minucioso, tódolos domingos, do estado no que queda o solo destas zonas trala celebración do mercado e procúrese aplicala normativa, tras os correspondentes avisos e a dotación de medios que sexan necesarios para que os vendedores a cumpran a fin de evitalos refugallos de cartóns, plásticos, papeis e outros obxectos que quedan espallados polo chan ou van parar ao río Sar.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que en sesións plenarias e en comisións informativas pasadas se tiña conversado que había que controlar exhaustivamente os vertidos de plástico, cartón e papel que quedan trala celebración do mercado dominical. Que a situación de Padrón é atípica que non está a pasar noutros concellos que tamén celebran mercados que estableceron un sistema de recollida de residuos e que lle funciona, pero dalle a sensación de que aquí nin o vendedor ambulante se preocupa de recoller. Que hai que dicirle basta a esta situación que non pode seguir así e o problema é daqueles residuos que van ao río Sar e o están contaminando. Entende que ou ben se reparten bolsas ou ben se poñen uns contenedores especiais durante o mercado dominical para que vaian tirar alí. Insiste que é unha situación que non pode seguir desa maneira e hai que buscarlle unha solución, que pasa por un control e vixilancia máis exhaustiva do mercado e cunha notificación aos vendedores de que se sancionará incluso coa suspensión de autorización do posto de venda si se segue a incumprir a normativa.

Sra. Rey Pazos. Di que xa é un tema recorrente porque non é a primeira vez que vai a pleno e pregunta que se fixo nas outras ocasións e que medidas se tomaron para solventar a situación.

Sr. Alcalde. Explica que se deu orde á Policía Local de que ao finalizar o mercado pasara a fotografar todos os postos para proceder a impoñer sancións. Que se deron bolsas en diferentes ocasións a todos os vendedores e se lles mandaron avisos, incluso se impuxo algunha sanción. Que con respecto ao que comentaba o señor Rodríguez Carbia, si é posible suspender a licenza e cree que é á terceira sanción. Que efectivamente hai un problema que pasa por concienciación ou por sanción, pero por concienciación o intentaron xa en moitas ocasións.

Sr. González Pardal. Pregunta por que non están identificados os vendedores no posto como dí a lei e só hai un vendedor que ten exposto o seu carné.

Sr. Alcalde. Di que supón que é porque non se lles esixiu, pero terá que revisar a ordenanza e ver si se contempla ou non a obriga de poñelo á vista, pero o que non vai é vir un vendedor a regular o mercado

municipal de Padrón.

Sr. González Pardal. Di que se non está na ordenanza pero a Lei o di e en Padrón só hai un vendedor que o ten exposto dos catrocentos postos legais.

Sr. Alcalde. Di que van regular sobre o que teñan competencias para regular.

Sr. Forján Seoane. Recorda que xa o anterior goberno viña repartindo avisos e non funcionou, pero intentaron mellorar a situación e si que mellorou, non se solucionou, pero mellorou e agora dende que está o goberno actual non se aprecia ningunha melloría. Que en canto ao dito polo señor González Pardal asente que si hai unha normativa e incluso o Concello da unha carnés que deberían estar expostos e así se o policía vai e ten o carné exposto sabe perfectamente de que é o posto.

Sr. Alcalde. Pregúntalle cantos tiñan á vista no seu goberno o carné exposto.

Sr. Forján Seoane. Contesta que moi poucos, por iso di que melloraron a situación pero non a solucionaron. Que iso non implica que o goberno actual teña que avanzar no procedemento. Que ás veces aparecen vendedores que non son habituais pero non veu por ningún sitio as concesións de novas licenzas ou autorizacións para instalarse novos postos. Pregunta que postos novos se concederon, que postos se deron de baixa e baixo que criterios se concederon os novos.

Sr. Alcalde. Contesta que si estiveran concedidos xa os tería nos acordos da Xunta de Goberno Local.

Sr. Forján Seoane. Di que non os ve na Xunta de Goberno pero si os ve no Espolón.

Sr. Alcalde. Di que si se ven no Espolón ou no Souto a Policía local ten que identificalos e botalos, pero as veces non dan co persoal que teñen para facer todo.

Sr. Forján Seoane. Pregunta porque entón eliminou esas dúas prazas que había para controlar o mercado e que se financiarían co aumento de ingresos do mercado.

Sr. Alcalde. Di que se financiarían hipotéticamente co aumento de ingresos.

Sr. Forján Seoane. Contesta que si porque está recoñecendo que hai postos ilegais e si eses postos pagan xa é un incremento de ingresos.

Sr. Guillán Iglesias. Pregunta ao señor alcalde se está en contra, aínda que sexa unha sóa, da persoa que o faga ben.

Sr. Alcalde. Contesta que non, ao contrario.

Sr. Guillán Iglesias. Explica que iso ven polas palabras que dixo o señor Alcalde de que non vai someter o mercado porque unha persoa, un só, poña o carné. Que na normativa autonómica, que prevalece sobre a local, está reflectido que hai que ter exposto o carné e ese señor é o único que está cumprindo a Lei e se todos fixeran coma el sería moito máis fácil identificar ao infractor.

Sr. Alcalde. Contesta que o problema non é o de identificación do posto senón a identificación dos residuos do posto.

Sr. González Pardal. Di que noutros concellos non está pasando isto e non queda tanta suciedade e incluso faláron cos vendedores e dixeron que se podían sentar a falar porque incluso eles se poderían encargar de recoller eses desperdicios.

Sr. Alcalde. Contesta que xa faláron con eles e efectivamente se encargan, pero unha senama, pero despois fan unha serie de esixencias e o deixan.

Sr. González Pardal. Que é cuestión de negociar porque se nunha semana se cumpre, realmente é que se pode solucionar.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Contesta que hai ver as medidas legais para regular o mercado.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Dez (10), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e García Dios, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

Se faga un control minucioso, tódolos domingos, do estado no que queda o solo destas zonas trala celebración do mercado e procúrese aplicala normativa, tras os correspondentes avisos e a dotación de medios que sexan necesarios para que os vendedores a cumplan a fin de evitalos refugallos de cartóns, plásticos, papeis e outros obxectos que quedan espallados polo chan ou van parar ao río Sar.

8.- MOCIÓN PRESENTADA POLA CIPA PARA O RECOÑECIMENTO DO ÚNICO "PORTUS APOSTOLI" AO PORTO DA VILA DE PADRÓN.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 22 de xullo de 2016, que di:

<<Dende fai uns meses observo con preocupación como diversas asociacións e colectivos da vila histórica de Noia, ven a través dos medios de comunicación como en informacións a través das novas tecnoloxías, como en peticións diante das autoridades da Xunta de Galicia e reflectidas na carteleira da derradeira feira medieval aparece o logo "*Portus Apostoli*" atribuíndose unha denominación que non lle corresponde ao estar reservada historicamente á Vila Petroni ou Patronio, actualmente Padrón, dende o ano 1.100 bispado de Xélmirez por ser o lugar de arribada segundo a tradición dos restos do Apóstolo Santiago, tal como se recolle nas execucións e dereitos fiscais do Foro que o Rei Fernando II o 11 de febreiro de 1164 concedeu a nosa vila, 4 anos antes de conceder o foro á vila noiesa (1168).

Foro de Padrón que confirmaron tódolos reis da Monarquía española ata Felipe V en 1701, por ser o lugar de chegada do Apóstolo, escena que se representa no noso escudo histórico municipal e que amosa a importancia de Padrón como berce das tradicións xacobeas, como tamén o amosan as numerosas fontes históricas: pergameos, depositados no AHM e documentos e relatos de peregrinos desde a idade antiga a contemporánea, que non vou enumerar nesta moción por ser moi extensos e numerosos e nos que se recollen dereitos e relatan viaxes e peregrinacións de monarcas, nobres e peregrinos chegados a nosa Vila a través do seu porto ou a través do camiño terrestre como se recolle no mapa Calixtino (s. XII) "*o que chega a Santiago e non vai a Padrón, ou fai peregríñaxe, "romaría" ou non*".

Non quero, nin pretendo, entrar en polémica ningunha con entidades e colectivos da Vila de Noia, son consciente dos dereitos históricos de Noia e da súa vinculación con Compostela pero tamén si teño que manifestar que unha cousa é ser Porto de Compostela a partires da concesión do foro de Fernando II 1168, que nada ten que ver coa de "*Portus Apostoli*" reservado historicamente á Vila de Padrón, que dito sexa de paso, o seu porto, manterá actividade comercial ata finais do Reinado de Isabel II nos anos sesenta do século XIX e por mor un proceso de sedimentación mariña do río Ulla cedeu a testemuña comercial aos portos da ría de Arousa pero sigue a conservar a testemuña histórica con plenitude de dereitos dende tempos ancestrais.

É polo que PROPOÑEMOS os seguintes ACORDOS DE RESOLUCIÓN:

- a) Que se adopte acordo plenario declarando que o único "*Portus Apostoli*" recoñecido historicamente nos pergameos, nas fontes históricas e na tradición é o porto da Vila de Padrón e que así se lle transmita á Xunta de Galicia, Sociedade e Xestión do Plan Xacobeo, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Arcebispo de Santiago de Compostela. Instando da Xunta que actúe con celeridade ao obxecto de que non se cree confusión e impida deformala tradición con denominacións oportunistas carentes de base documental histórica ao ser A Ponte-Padrón o verdadeiro porto do Apóstolo.
- b) Reiterar á Xunta de Galicia, unha vez mais e sen demora para que proceda ao recoñecemento oficial do camiño xacobeo a Padrón e rematar co estado de confusión histórica por falta de declaración oficial.
- c) Adoptar compromiso plenario de manter, o camiño en toda a súa extensión polo termo municipal de Padrón en perfectas condicións de conservación, respecto medioambiental, patrimonial e etnográfico e solicitar da Xunta de Galicia que execute as súas competencias.>>

Aberta a quenda de debate prodúcese as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta do Foro das Cartas de Privilexio de Padrón que fixo o Rei Alfonso X El Sabio, entre os anos 1.221 e 1.284 e procede a dar lectura dalgúns parágrafos de dito Foro: "*Por cuanto el Apostol Santiago, lumbre y claridad de España, arribó en el puerto de Iria que ahora llaman Padrón cuando venía muerto en la barca con los sus discípulos por el honor del cual es edificado una Iglesia y muy noble que se dice Santa María de Iria en la cual hubo 28 obispos antes que fuese hallado el cuerpo del bienaventurado Apostol Santiago y además se edificó y pobó la dicha Villa que es llamada Padrón por honra y loa del Santo Padrón en dicho Apostolo que hay y quedó en la cual fué puesto su cuerpo...*" e continúa dicindo "*dicha Villa sea poboada y de las rentas no sean excluidas y le otorgo que no halla salga ni carga ni descarga en toda la ría de la dicha Villa que es desde los tapones de Aguiño hasta la dicha Villa salvo si fuese fecha por los vecinos o moradores de la dicha Villa de la cual uno de ellos*".

Insiste que este Foro foi confirmado por todos os monarcas nos mesmos termos por ser o lugar de chegada dos restos do Apóstolo Santiago. Que no Foro de Fernando II se definía o porto de Noia como "*Totum bonum*" e tamén fai referencia a un porto do Apóstolo por separación do antigo porto de Santiago por un proceso de regresión marina e aquí, seguramente, López Ferreiro cometeu un erro porque ese proceso de regresión marina no século XII xa se daba e era patente no porto de Padrón e non precisamente no porto de Noia cando o proceso de regresión marina foi posterior ao século XV. Entende que o erro é na transcripción que fixo López Ferreiro dos diversos Foros das terras de Santiago e quizás induza a erro esa denominación de "*Portus Apostoli*". Que o "*Portus Apostoli*" da vila de Padrón é anterior á época medieval porque estase falando dun porto que está constatado na época romana, nun abano de séculos entre o 1 antes de Cristo ao 2 despois de Cristo, polo que entende que ese dereito histórico de ser porto do Apóstolo correspóndelle unicamente ao porto de Padrón, que non é outro que o porto da Ponte que é onde se celebra todos os anos a Traslatio. Que é consciente que nestes momentos estase nun proceso de delimitación dos Camiños de Santiago pero non é menos consciente de que o camiño de Padrón é un camiño principal e si se está recoñecendo o camiño de Fisterra ou de Muxía con máis dereito hai que recoñecer o de Padrón porque esa tradición arranca precisamente de Padrón. Que sin esa lenda de traslado dos restos do Apóstolo dende Xafa en Palestina ata o porto de Iria Flavia, agora Padrón, non existiría o Xacobeo como tal porque non tería fundamentación histórica. Que Padrón ten que ser o berce e o núcleo central do Camiño de Santiago e non pode pasar un ano máis sen ese recoñecemento ofical por parte da Xunta de Galicia, porque é un recoñecemento histórico que lle corresponde aos padroneses. Por último di que a Xunta de Galicia debería ter nos seus orzamentos unha partida para axudar aos concellos no mantemento dos Camiños de Santiago.

Sr. Santaló Ríos. Afirma que está completamente de acordo coa moción porque existen argumentos históricos que se teñen que converter nunha oportunidade para potenciar a imaxe de Padrón e para ocupar o protagonismo que lle corresponde.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sra. Rey Pazos. Cree, sin entrar en conflito como tamén di o señor Rodríguez Carcia, que Padrón ten moitísimos máis argumentos que outros concellos para conseguir que se recoñeza como tal e sin embargo non o fan e pregúntase por que. Que non o entende.

Sr. González Pardal. Reivindica o mesmo e di que está totalmente de acordo coa proposta do señor Rodríguez Carbia e hai que seguir a chamar na porta da Xunta.

Sr. Forján Seoane. Di que tamén están totalmente de acordo. Recorda que houbo catro anos de intenso traballo para poñer a Padrón, no feito Xacobeo, no lugar que lle corresponde e o goberno actual non lle deu a continuidade e insistencia precisa e ánimo a que continuen co traballo que quedou cortado.

Sr. Alcalde. Di que están totalmente de acordo con este tema e o único que falta no primeiro parágrafo é o de dar traslado desta moción tamén á vila de Noia.

Sra. Rey Pazos. Reitera públicamente que Veciños de Padrón está disposto a acompañar ao Alcalde para facer presión e demais.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Dez (10), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e García Díos, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Un (1), emitido polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias.

ABSTENCIÓNS: Ningunha.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

- Que se adopte acordo plenario declarando que o único "*Portus Apostoli*" recoñecido historicamente nos pergameos, nas fontes históricas e na tradición é o porto da Vila de Padrón e que así se lle transmita á Xunta de Galicia, Sociedade e Xestión do Plan Xacobeo, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Arcebispo de Santiago de Compostela. Instando da Xunta que actúe con celeridade ao obxecto de que non se cree confusión e impida deformala tradición con denominacións oportunistas carentes de base documental histórica ao ser A Ponte-Padrón o verdadeiro porto do Apóstolo.
- Reiterar á Xunta de Galicia, unha vez mais e sen demora para que proceda ao recoñecemento oficial do camiño xacobeo a Padrón e rematar co estado de confusión histórica por falta de declaración oficial.
- Adoptar compromiso plenario de manter, o camiño en toda a súa extensión polo termo municipal de Padrón en perfectas condicións de conservación, respecto medioambiental, patrimonial e etnográfico e solicitar da Xunta de Galicia que execute as súas competencias.

Sr. Guillán Iglesias. Explica o seu voto dado que están votando en contra en todas as mocións que se están presentando, non só as do grupo CIPa, aínda que foran subvencións que beneficiaran ao Concello, e di que é porque todas as mocións que se están presentando en pleno non se levan a cabo e esta é unha medida de presión para que o goberno actual reconsidera os seus feitos, por que a maioría das mocións que se traen xa son reiterativas e parece que se lles toma o pelo.

Sr. Alcalde. Dille que non se lle toma o pelo a ninguén. Que se quere dar unha explicación de voto en cada unha das mocións que o faga, pero isto non se trata dun alegato contra o goberno.

Sr. Guillán Iglesias. Di que non teñen nada en contra do grupo CIPa pero tampouco queren recibir leccións de ninguén porque tampouco lle chamaron a atención cando aprobou un recoñecemento extraxudicial de crédito que tanto prexudicou.

Sr. Alcalde. Retíralle a palabra ao señor Guillán Iglesias.

PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

9.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE DA NÚMERO 310/2016 Á NÚMERO 426/2016.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía da número 310/2016 á número 426/2016.

10.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Rematada a orde do día da convocatoria e de acordo ao establecido nos artigos 83 e 91.4 do Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), o señor Presidente pregunta si algún grupo político quere someter á consideración do Pleno algunha moción de urxencia, formulándose as seguintes:

PRIMEIRA MOCIÓ DE URXENCIA. PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIAL AOS PEÓNS ENTRE PONTECESURES E PADRÓN, E DOTAR DE INFORMACIÓN AOS PEREGRÍNA NA PONTE.

Sr. Santaló Ríos. Explica que a urxencia ven motivada pola situación de inseguridade na chegada de peregríns pola ruta portuguesa ao chegar a Pontecesures.

Seguidamente o Presidente somete a votación a urxencia desta moción, resultando aprobada por unanimidade das Concelleiras e dos Concelleiros presentes, polo que o Pleno da Corporación Municipal acorda ratificar a súa urxencia.

A continuación o señor Santaló Ríos dá lectura ao texto da moción que di:

<<A entrada ao Concello de Padrón pola Ponte non dispón das sinalizacións mínimas que garantan a seguridade de peóns. Tendo en conta o alto volume de persoas que chegan a Padrón por ese punto, maioritariamente peregríns que chegan polo camiño portugués e a cercanía á estrada N-550, faise obriga tomar medidas urxentes que eviten posibles atropelos e mellorar o sistema de información.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello esta moción propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Pintado e sinalizado vertical dun paso de peóns á altura da marquesina.
- 2.- Instalación dun punto de información ao pelegrín, na marquesina ou nas súas inmediacións.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Santaló Ríos. Explica que cando chegan os peregríns pola N-550 e chegan á ponte non saben o que facer e por iso se pide a sinalización para que sexan derivados á esquerda e á chegada na marquesina se pinte un paso de peóns que lles indique a ruta por un camiño seguro. Que tamén propón a instalación dun punto de información na marquesina a continuación do paso de peóns. Que despois pedirían o cambio da marquesina e de recollida dos rapaces porque alí non ten obxecto.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Di que en canto ao pintado do paso de peóns están de acordo e habería que gardar a distancia da estrada, pero con respecto ao segundo de instalación dun punto de información, necesitaríase persoal e ordenadores con liña ADSL, e de facelo facelo ben. Que xa hai un punto de información en Padrón e non se poden poñer por todo o Camiño.

Sr. Santaló Ríos. Di que poden ser paneis informativos.

Sr. Alcalde. Contesta que lle parece ben que sexan paneis informativos.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que lle parece moi interesante porque é unha das entradas a Padrón, incluso da Ruta Xacobeá, e así saberán o que se van atopar en Padrón.

Sr. Alcalde. Comenta que nos mesmos taboeiros se podería colocar un panel de "Portus Apostoli" de conformidade co acordo do pleno.

Sr. Guillán Iglesias. Di que lle parece interesante e importante, pero o caso é que se leve a cabo si se aproba.

Sra. Rey Pazos. Afirmar que lle gusta tamén a idea.

Sr. González Pardal. Manifesta que está tamén de acordo.

Sr. Forján Seoane. Di que de acordo se non vai ter custos, senón habería que estudalos.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Dez (10), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e García Dios, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Unha (1), emitida polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias.

Verificado o cómputo da segunda votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

- 1.- Pintado e sinalizado vertical dun paso de peóns á altura da marquesina.
- 2.- Instalación dun punto de información ao pelegrín, na marquesina ou nas súas inmediacións.

SEGUNDA MOCIÓN DE URXENCIA. PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VECIÑOS DE PADRÓN SOBRE A ASOCIACIÓN DA ORDE DO PEMENTO DE HERBÓN.

Sra. Rey Pazos. Explica que a urxencia ven motivada porque despois das publicacións na prensa das festas de Herbón sobre uns conflitos entre a Comisión, a Orde e o Concello, deduce que a situación da Orde do Pemento non cumpre a normativa e cree que débese debatar neste pleno porque a maiores se lle están dando uns cartos e entende que non se lle poden dar eses cartos a unha asociación que non está a cumprir a normativa.

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidos polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da

CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidos pola Concelleira e Concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e García Dios.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, acorda ratificar a súa urxencia.

A continuación a señora Rey Pazos dá lectura ao texto da moción que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras as preocupantes declaracións públicas recollidas pola prensa nas que a Comisión de Festas do Pemento de Herbón desvincúlase da Orde do Pemento "por ser esta unha entidade constituída de forma ilegal, con incumprimento dos estatutos e unha directiva que non está declarada na Xunta" e solicitan expresamente non contar con representación institucional na festa do próximo día 6 de xullo, esta concelleira solicitou información sobre a situación ao equipo de goberno na Comisión Informativa B celebrada o venres día 22 de xullo de 2016.

Das diferentes cuestións das que se faloron a esta concelleira non lle quedou claro se a Asociación Orde do Pemento de Herbón cumpre ou non a normativa vixente e, en consecuencia, está ou non constituída legalmente e cumpre os requisitos de inscrición.

Tendo en conta que o ano 2015 esta asociación recibiu do Concello de Padrón unha subvención nominativa ("a dedo") que ascendeu a 1.600€, consideramos de gran importancia a aclaración desta situación e a actuación desde o Concello en consecuencia.

Por todo o anteriormente dito propoñemos os seguintes ACORDOS:

- 1.- Que se aclare se estamos ou non ante unha asociación que cumpre a normativa vixente relacionada coas asociacións.
- 2.- No caso de que esta non cumpra coa normativa vixente, non conceder á devandita asociación ningunha subvención desde o Concello ata que regularice a súa situación.
- 3.- Revisar se nos anos anteriores nos que se concedeu dita subvención, cumpríase a normativa e de non ser así, depurar responsabilidades tanto coa asociación Orde do Pemento de Herbón como co equipo de goberno que sendo coñecedor da situación irregular procedeu a conceder as devanditas subvencións.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sra. Rey Pazos. Explica que á Orde do Pemento, no ano 2015, douselle unha subvención nominativa de 1.600 € e entende que é unha asociación na que o Concello forma parte e é consciente de que non está a cumprir a normativa vixente e non lle pode dar esa subvención. Entende que é moi grave que lle den cartos se é consciente da situación. Que por iso pide que se aclare esta situación.

Sr. Alcalde. Pregunta que cantos anos para atrás que non o pon na moción.

Sra. Rey Pazos. Contesta que terán que mirar ata que punto ou en que momento esa asociación deixou de ser legal ou nunca foi legal. Que pediron o outro día que se lle deixaran os estatutos e ata o de agora non os ten.

Sr. Alcalde. Dille que se falou o venres e lle dará copia de todo. Que haberá que debatir a moción e si sae adiante haberá que facer os tres puntos que se aproban.

Sra. Rey Pazos. Pregunta ao señor Alcalde si é consciente de que esta asociación está nunha situación de irregularidade.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Contesta que non e terá que revisar os estatutos e ver si son correctos ou non.

Sra. Rey Pazos. Di que o que da a entender con esa contestación é que é consciente desa situación de ilegalidade.

Sr. Alcalde. Di que si se aproba a moción os revisarán.

Sr. Rodríguez Carbia. Aclara que dentro das subvencións que se contemplan nos orzamentos hai as de concorrencia competitiva e as nominativas e esta está incluída nas nominativas e entón hai dereito a ela. Que outra cousa moi diferente é que para poder percibir esa subvención a asociación ten que estar legalmente constituída, é dicir, con estatutos, inscrita no Rexistro de Asociacións, etc., e senón se cumpren eses requisitos estaríase cometendo unha ilegalidade. Que para evitar problemas o que se pide na moción é averiguar si a situación é legal.

Sr. Alcalde. Di que hai unha situación e se revisarán os estatutos pola secretaria ou por un xurídico e infomará se está ben ou non. Que o Concello estivo nas contas da Orde do Pemento e haberá que revisar.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que unha cousa son as contas e outra é que segundo a Lei de subvencións de Galicia para poder percibir unha subvención a asociación ten que estar constituída.

Sr. Alcalde. Contesta que o feito real é que se percibiron polo que se tomaron os acordos fora en XGL, Pleno ou por Resolución, e si se percibiron entende que se fiscalizaron pola intervención e pola asesoría xurídica para as XGL e entón entende que están ben. Que se queren darlle unha volta e revisar máis, revisase.

Sr. Santaló Ríos. Comenta que eles tamén tiñan unha moción neste sentido e pensa que a falta de actualización e as irregularidades nos estatutos da Orde do Pemento está a ocasionar un grave problema na comisión de festas. Que para el o máis grave nesta falta de entendemento é que vai facer que parte da subvención adicada á promover o pemento vai quedar tocada.

Sr. Alcalde. Aclara que a festa é unha cousa e a Orde e outra. Que a festa pode ter dereito á subvención e a Orde non.

Sr. Santaló Ríos. Di que está de acordo cos puntos aínda que co terceiro non porque lle parece que é entrar a revisar todo o que se fixo é unha perda de tempo e gustaríalle que se buscasse unha solución rápida e inmediata.

Sr. Guillán Iglesias. Di que si a Orde do Pemento recibe 1.600 € de subvención do Concello, independentemente de que estea ben constituída ou non, e vendo que non hai complicidade coa comisión de festas, pregunta como vai xustificar a subvención se non colabora coa festa.

Sr. Alcalde. Contesta que senón os xustifica non os cobra. Que en edicións anteriores xustificábase co pago do palco e outras cousas e si agora non os xustifica non os cobra.

Sr. Guillán Iglesias. Di que terán que estar pendentes da xustificación.

Sr. González Pardal. Di que tamén están de acordo.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidos polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidos pola Concelleira e Concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores

Fernández Angueira, Pardo Andrade e García Dios.

Verificado o cómputo da segunda votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

- 1.- Que se aclare se estamos ou non ante unha asociación que cumpre a normativa vixente relacionada coas asociacións.
- 2.- No caso de que esta non cumpra coa normativa vixente, non conceder á devandita asociación ningunha subvención desde o Concello ata que regularice a súa situación.
- 3.- Revisar se nos anos anteriores nos que se concedeu dita subvención, cumpríase a normativa e de non ser así, depurar responsabilidades tanto coa asociación Orde do Pemento de Herbón como co equipo de goberno que sendo coñecedor da situación irregular procedeu a conceder as devanditas subvencións.

TERCEIRA MOCIÓN DE URXENCIA. PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE AxP SOBRE A FESTA DO PEMENTO.

Sr. González Pardal. Explica que a urxencia ven motivada porque se achega a data da festa do 6 de agosto e hai un problema entre o Concello e a comisión de festas.

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidos polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidos pola Concelleira e Concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e García Dios.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, acorda ratificar a súa urxencia.

A continuación o señor González Pardal dá lectura ao texto da moción que di:

<<Dado que a festa do Pemento é o 6 de Agosto,

SOLICITA

Unha reunión da corporación coa Orde do Pemento e a Comisión de Festas do Pemento.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Entende que hai que esgotar tódalas vías de entendemento e tratar de non crear conflitos que non benefician a ninguén e onde poden sair todos prexudicados. Que lle parece unha proposta adecuada porque se o problema se enquista no tempo o que o vai a padecer é a festa e a exaltación de pemento. Que quedan catro días e pola súa parte, como grupo político, está disposto se o chaman para reunirse. Que hai que buscar un punto de encontro e evitar que o problema vaia a maiores.

Sr. Santaló Ríos. Di que tiña unha proposta semellante para buscar unha solución agora, para saír do paso, e logo intentar adecualo e regulalo da forma máis eficaz posible.

Sr. Alcalde. Di que poden ter corenta reunións, pero o tema de discusión que se falaba na moción da señora Rey Pazos era si era legal ou non era legal. Pregunta que si non é legal se reunen igual.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Santaló Ríos. Di que en tanto se estuda a legalidade pódense reunir.

Sr. Guillán Iglesias. Di que nos tempos que corren dialogar está ben. Que están de acordo en coñecer de primeira man o enquistamento este que hai e non por parte de terceiros.

Sra. Rey Pazos. Entende, como xa dixo na comisión informativa, que para ir a unha reunión hai que ir cunha actitude negociadora e iso supón que cada unha das partes presente as súas propostas, que deberían facerse por escrito, e de aí chegar a uns puntos comúns e a acordos. Que si a Orde do Pemento está nunha situación que non é legal, haberá que mirar. Que o conflito tamén é da comisión co Concello que tamén poderían levar a cabo unha reunión. Insiste que para negociar hai que querer negociar e hai que ir cunhas propostas, o que quere unha parte e o que quere a outra, e chegar a un entendemento coa oposición coma mediador.

Sr. Alcalde. Pensa que a festa é de Herbón e o teñen que decidir os de Herbón: a comisión de festas, a Orde e todos os veciños. Pregunta que chegados a este punto cal sería a orde do día da reunión: que o Concello asista ao palco coa comisión de festas. Que independentemente que se presentara un escrito de que non querían alí á Corporación Local, o Concello vai ter que intervir en todo caso, porque vai poñer a policía local a disposición, vai poñer a protección civil ou ao Ges a disposición, e vai regular as súas competencias, dado que onte entrou a solicitude de licenza para a festa e a vai resolver o Concello. Que o goberno vai actuar como Concello, pero si coa moción preténdese facer unha reunión para meter máis problemas sen unha orde do día e sen a decisión que se vai tomar, aí non está de acordo. Pregunta que se vai a ter unha reunión para que.

Sr. González Pardaí. Contesta que para chegar a un entendemento de buscar unha solución.

Sr. Alcalde. Pregúntalle se a vai buscar el.

Sr. González Pardaí. Contesta que si a ten que buscar a propón. Que a festa tamén é dos de Padrón. Que o Concello de Padrón recibe unha subvención de Turismo e pregunta de cantos cartos.

Sr. Alcalde. Di que o concello solicitou unha subvención aproximada de 7.000 €, reuníronse coa comisión que lles manifestou que ese tipo de programa ou proposta de subvención non a querían e se lles pediu que presentaran por escrito o que querían. Que se modificou a subvención e solicitáronse 3.000 € a Turismo e se lles da á comisión.

Sr. González Pardaí. Di que é unha festa de exhaltación dun produto típico de Padrón e gustaríalle que o Concello estivera representado alí.

Sr. Alcalde. Dille que si quere ir pode ir e incluso el pode ir como veciño pero o que non se pode é buscar problemas cando non son problemas do Concello. Que o Concello vai colaborar en todo, coa festa, cos veciños e con todo o que haxa, pero porque o Concello non esté no palco non pasa nada. Que se trata de respectar a decisión da comisión.

Sr. Forján Seoane. Di que preguntará despois cal é o problema porque o descoñece. Que son dous entes distintos, un a comisión de festas e outro a Orde do Pemento aínda que se complementen á hora de actuar, pero son dous entes distintos.

Sra. Rey Pazos. Di que é bo que haxa presenza institucional. Que preguntaba o señor alcalde cal sería a orde do día e serían os puntos onde houbo conflito e terá que propoñer a súa solución.

Sr. Alcalde. Pregunta cal é o conflito, si é que a Orde está mal ou ben constituída.

Sr. González Pardaí. Constesta que pode ser un compromiso por parte da Orde de intentar legalizala porque é boa para o pemento.

Sra. Rey Pazos. Di que iso non leva oito meses, se quere a Orde mañá está legalizada, si ese é o problema. Que o que non é bo é que saia na prensa continuamente porque estase desprestixando dalgunha maneira e mostra que hai un conflito. Que hai que reflexionar e buscar unha solución para o ano, que todo o mundo faga propostas por escrito e poder debatilas.

Sr. Alcalde. Reitera que por parte do Concello vaise colaborar en todo o que estea na súa man: policía local, protección civil, licenzas.

Sra. Rey Pazos. Daba por feito que tiña que ser así.

Sr. Alcalde. Di que esa é a postura do goberno. Que non hai bandos porque son todos veciños do Concello.

Non habendo máis intervencións o señor Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidos polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidos pola Concelleira e Concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e García Dios.

Verificado o cómputo da segunda votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

Unha reunión da corporación coa Orde do Pemento e a Comisión de Festas do Pemento.

CUARTA MOCIÓN DE URXENCIA. PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE AxP PARA DESENVOLVER UN PLAN MUNICIPAL DE ACCESIBILIDADE.

O Presidente somete a votación ordinaria a urxencia desta moción, producíndose o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sete (7), emitidos polo concelleiro do PGD, señor Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, pola concelleira de VP, señora Rey Pazos, polo concelleiro de AxP, señor González Pardal, polo concelleiro do BNG, señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa, señor Rodríguez Carbia.

VOTOS EN CONTRA: Ningún.

ABSTENCIÓNS: Catro (4), emitidos pola Concelleira e Concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade e García Dios.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta, acorda ratificar a súa urxencia.

A continuación o señor González Pardal dá lectura ao texto da moción que di:

<<EXPÓN

1.- Que a lexislación que a continuación se detalla se esixe ás institucións unhas condicións básicas de accesibilidade e non discriminación nas que se inclúan normas internas, elaboración de plans e un calendario de actuacións.

-Orde VIV/561/2010 do 1 Febreiro pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización de espazos públicos urbanizados.

-RD 173/2010, do 19 Febreiro, polo que se modifica o Código Técnico da Edificación, aprobado por RD 314/2006, do 17 de marzo, en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade.

-Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Presidencia da Xunta de Galicia.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

-Normativa UNE 170001-1 de accesibilidade universal, Criterios DALCO, para facilitar a accesibilidade as contornos; e a Normativa UNE 170001-2 de accesibilidade universal, Sistema de Xestión da accesibilidade.

2.- Que nas nosas dependencias municipais e no concello de Padrón en xeral (casco urbano, aceras, etc) non existe accesibilidade universal non permitindo o acceso a determinados lugares ou determinados servizos básicos a cidadáns que presentan discapacidade física por exemplo.

Polo cal queda xustificada a seguinte MOCIÓN coa que se solicita:

1.- Desenvolver un Plan Municipal de Accesibilidade que garantice a accesibilidade e non discriminación nos espazos públicos da vila e nos edificios públicos do Concello de Padrón.

2.- Que unha vez elaborado dito plan se busquen e axusten orzamentos para levar a cabo as actuacións necesarias, priorizando servizos básicos como son a Oficina de Emprego sita no convento do Carmen (INEM) e outras dependencias municipais (Salón de Plenos-Auditorio-Alcaldía).

3.- Que se pidan orzamentos a organizacións e asociacións especializadas nesta materia (AxP adxunta un orzamento elaborado pola Confederación Galega de Minusválidos-COGAMI).

4.- Que se soliciten e aproveiten as subvencións e outras axudas destinadas a este fin e postas a disposición pola propia administración pública, cando proceda.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Di que está de acordo no tema da accesibilidade e a normativa di que hai un prazo que remata este ano, pero aquí na Casa do Concello hai un problema. Que conseguiron a accesibilidade na parte baixa cunha rampla pero o problema está nas escaleiras porque nese oco que hai non é posible colocar nada e polo exterior tampouco se pode colocar nada. Que é imposible porque está protexida por Patrimonio.

Sendo as vinte e unha horas e corenta e catro minutos, co permiso da Presidencia, abandona o salón de plenos o señor concelleiro don José Ramón Pardo Andrade.

Sr. Rodríguez Carbia. Continúa dicindo que na oficina de emprego non é tan complicado pero hai un convenio entre os Dominicos e o Concello para determinadas cousas. Que tamén entraría Patrimonio porque o edificio está catalogado e inventariado e non se podería facer nada polas escaleiras e a única posibilidade sería a través da horta do Convento, pero insiste que o tema é Patrimonio.

Sr. Santaló Ríos. Di que está de acordo pero é complicado e ás veces é máis fácil cambialos.

Sr. Alcalde. Di que no Concello o que se pode é cambiar as celebracións no salón de plenos.

Sr. Forján Seoane. Di que quedan todas as oficinas que hai arriba.

Sr. Alcalde. Di que o acceso non é a unha determinada oficina senón que é ao servizo porque senón ten acceso, por exemplo ao arquitecto, éste pode baixar.

Sr. González Pardal. Di que aínda así presenta un presuposto e unha serie de solucións que propón a Federación Galega de Minusválidos porque hai sitios que si son factibles.

Sr. Alcalde. Comenta que sexa factible arquitectónicamente non quere dicir que sexa por Patrimonio.

Sr. Guillán Iglesias. Di que si se pode que se faga, pero xa en diversas ocasións levaron unhas mocións por culpa do acceso á oficina de emprego e non se fixo nada.

Sr. Alcalde. Contesta que non se aprobou.

Sr. Guillán Iglesias. Retira o do Convento do Carne pero o das beirarrúas da avenida Camilo José Cela aínda hoxe están sen facer. Que se volve ao punto de antes: aprobar e despois non facer nada.

